

DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA EXECUCIÓN DA DEMOLICIÓN DE DIVERSAS EDIFICACIÓNS NA ZONA DE “A CROA”.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 4-2021, por un importe total de 57.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da execución da demolición de diversas edificacións na zona de “A Croa”.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/294 de data 10/03/2021, así como RCMOD Ref.: 16858/2021, por importe de 57.000,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 57.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
16210.22799	57.000,00 €	15100.60900	21XX00028	57.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	57.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		57.000,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac7129483836577941886.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 4-2021 Demolición A Croa

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.